

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE

- 4786** *Real decreto 291/2015, do 17 de abril, polo que se modifica o Real decreto 1051/2013, do 27 de decembro, polo que se regulan as prestacións do Sistema para a autonomía e a atención á dependencia, establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.*

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, establece no seu artigo 8.2.b) que ao Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia lle corresponde, entre outras funcións, establecer os criterios para determinar a intensidade de protección dos servizos previstos de acordo cos artigos 10.3 e 15.

O Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia aprobou, na súa reunión do 16 de xullo de 2014, o acordo sobre os criterios para determinar o contido do servizo de promoción da autonomía persoal para as persoas recoñecidas en situación de dependencia en grao II e III.

Pola súa vez, o artigo 10.3 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, regula que a intensidade de protección de cada un dos servizos será aprobada polo Goberno mediante real decreto.

O Real decreto 1051/2013, do 27 de decembro, polo que se regulan as prestacións do Sistema para a autonomía e atención á dependencia establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, determina as intensidades dos servizos, entre os cales se encontra a intensidade do servizo de promoción da autonomía para as persoas en situación de dependencia en grao I.

En cumprimento do anterior mandato legal, cómpre modificar o citado real decreto para introducir a regulación do servizo de promoción da autonomía persoal para as persoas con grao II e III de dependencia, que ten por finalidade desenvolver e manter a capacidade persoal de controlar, afrontar e tomar decisións acerca de como vivir de acordo coas normas e preferencias propias, facilitando a execución das actividades básicas da vida diaria e a consecución dunha mellor calidade de vida e de autonomía persoal.

No seu proceso de elaboración, esta norma someteuse á consulta do Comité Consultivo do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, do Consello Estatal de Persoas Maiores, do Consello Nacional da Discapacidade e do Consello Estatal de Organizacións non Governamentais de Acción Social.

Este real decreto apróba o Goberno de conformidade co Acordo do 16 de xullo de 2014 adoptado polo Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia. Este acordo foi elaborado de conformidade co previsto no artigo 8.2.b) e g) da Lei 39/2006, do 14 de decembro.

Esta norma dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva na regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais.

Esta norma establécese ao abeiro da facultade conferida ao Goberno na disposición derradeira sétima, en relación cos artigos 10.3 e 15 da Lei 39/2006, do 14 de decembro.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de abril de 2015,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1051/2013, do 27 de decembro, polo que se regulan as prestacións do Sistema para a autonomía e atención á dependencia establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.*

O Real decreto 1051/2013, do 27 de decembro, polo que se regulan as prestacións do Sistema para a autonomía e atención á dependencia establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, queda modificado como segue:

Un. Modifícanse os parágrafos primeiro e segundo do número 4 do artigo 6, que terán a seguinte redacción:

«4. En particular, son servizos de promoción da autonomía persoal, ademais dos previstos no número 2, os seguintes:

- a) Habilitación e terapia ocupacional.
- b) Atención temperá.
- c) Estimulación cognitiva.
- d) Promoción, mantemento e recuperación da autonomía funcional.
- e) Habilitación psicosocial para persoas con enfermidade mental ou discapacidade intelectual.
- f) Apoios persoais, atención e coidados en aloxamentos de soporte á inclusión comunitaria.

A intensidade do servizo de promoción axustarase ao establecido no anexo I.»

Dous. Modifícase o anexo I, que terá a seguinte redacción:

#### «ANEXO I

##### **Intensidade do servizo de promoción da autonomía persoal para as persoas en situación de dependencia**

1. Para o servizo de promoción da autonomía persoal establécese a seguinte intensidade, sen prexuízo do previsto especificamente para o servizo de atención temperá e o servizo de promoción, mantemento e recuperación da autonomía funcional:

Graos I e II: un mínimo de doce horas mensuais de atención ou o seu equivalente en sesións.

Grao III: un mínimo de oito horas mensuais de atención ou o seu equivalente en sesións.

2. Para o servizo de atención temperá establécese a seguinte intensidade:

Graos I, II e III: un mínimo de seis horas mensuais de atención ou o seu equivalente en sesións.

3. Para o servizo de promoción, mantemento e recuperación da autonomía funcional establécese a seguinte intensidade:

Grao I: un mínimo de quince horas mensuais de atención ou o seu equivalente en sesións.

Grao II: un mínimo de doce horas mensuais de atención ou o seu equivalente en sesións.

Grao III: un mínimo de oito horas mensuais de atención ou o seu equivalente en sesións.

4. As intensidades do servizo de atención temperá e do servizo de promoción, mantemento e recuperación da autonomía funcional poderán ser complementarias doutras previstas polos diferentes servizos establecidos polas comunidades autónomas para esta atención.»

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 17 de abril de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade,  
ALFONSO ALONSO ARANEGUI